

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**12407** *Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais e se modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 1234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, no seu artigo 55 recolle a elaboración de programas nacionais para mellorar as condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas dunha duración de tres anos («programas apícolas»). Estes programas, elaborados en estreita colaboración coas organizacións representativas do sector apícola, apróbanse mediante decisión da Comisión.

O citado regulamento inclúe tamén as medidas financiáveis e un réxime de cofinanciamento comunitario do 50 por 100 dos gastos orixinados polas actuacións previstas nos programas apícolas, así como a facultade da Comisión para adoptar actos delegados e de execución respecto a estas.

Con base nesta facultade e a fin de garantir o correcto funcionamento do réxime de axudas no dito marco xurídico, publicouse o Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás axudas ao sector da apicultura, e o Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás axudas ao sector da apicultura.

Os citados regulamentos establecen as normas de aplicación que rexen a axuda concedida pola Unión aos programas nacionais para o sector da apicultura ás cales se refire o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no seu artigo 55. Pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007 [derrogado posteriormente polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013] e o Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, derrogaron, respectivamente, os regulamentos (CE) n.º 797/2004 do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura, e n.º 917/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, relativo ás medidas no sector da apicultura.

A regulación, no ámbito nacional, deste réxime de concesión de axudas, así como as condicións en que se produce o financiamento do Estado, recolleuse no Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais. No entanto, os cambios introducidos pola normativa mencionada da Unión Europea no relativo ás medidas incluíbles nos plans nacionais, o seu financiamento e outras disposicións de xestión e control fan necesario modificar a regulación, en sede nacional, do réxime de concesión de axudas para o fomento de actividades destinadas a mellorar a produción e a comercialización do mel e dos produtos apícolas, así como definir as condicións en que se produce o financiamento do Estado. Dada a entidade dos cambios, optouse, por seguranza xurídica, por aprobar un novo real decreto e derrogar o citado Real decreto 519/1999, do 26 de marzo.

Por outro lado, o mencionado Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, no seu artigo 3 establece as obrigacións de comunicación censual dos Estados membros. É necesario, tamén, incorporar ese cambio ao ordenamento xurídico interno mediante a modificación do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

Este real decreto, por tanto, ten como obxecto establecer o réxime polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais conforme as disposicións do Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, e o Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, así como modificar o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, conforme tales disposicións.

O contido do presente real decreto axústase aos principios establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de adecuar a nosa normativa á da Unión Europea e evitar posibles correccións financeiras.

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa elaboración foron consultadas as autoridades competentes das comunidades autónomas e os sectores afectados. O presente real decreto dítase con carácter de normativa básica para a regulación do réxime desta liña de axudas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de outubro de 2017,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular o réxime de axudas para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura e modificar os termos en que se debe producir a declaración censual por parte dos titulares das explotacións conforme as disposicións da Unión Europea, en particular o Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás axudas ao sector da apicultura, e o Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, ou as correspondentes normas que puideren substituílos.

##### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, entenderase como:

a) Colmea: unidade que alberga unha colonia de abellas utilizadas para a produción de mel e outros produtos da apicultura ou material de reprodución de abellas, así como todos os elementos necesarios para a súa supervivencia.

b) Campaña apícola: período de doce meses consecutivos comprendidos entre o 1 de agosto dun ano e o 31 de xullo do seguinte.

2. Así mesmo, aplicarase o resto das definicións recollidas no artigo 2 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

### Artigo 3. *Actividades e investimentos subvencionables.*

Poderán ser obxecto de axudas, en virtude do establecido no Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 1234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, aquelas actividades ou investimentos encamiñados a:

- a) Prestar información e asistencia técnica aos apicultores e ás organizacións de apicultores.
- b) Loitar contra as agresións e doenzas das colmeas, en particular contra a varroose.
- c) Racionalizar a transhumancia.
- d) Establecer medidas de apoio aos laboratorios de análise de produtos apícolas para axudar aos apicultores a comercializaren e valorizaren os seus produtos.
- e) Adoptar medidas de apoio á repoboación dos efectivos apícolas.
- f) Colaborar con organismos especializados na realización de programas de investigación aplicada no sector da apicultura e dos produtos transformados a partir desta.
- g) Realizar estudos de seguimento do mercado.
- h) Mellorar a calidade dos produtos con obxecto de explotar o seu potencial no mercado.

Estas actividades correspóndense coas liñas de axudas que se incluírán nos plans trianuais nacionais.

### Artigo 4. *Financiamento do sistema.*

1. As axudas establecidas no presente real decreto teñen o carácter de cofinanciadas en virtude do establecido no artigo 55 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente contribuirá ao financiamento do sistema até un máximo do 25 por 100 do custo total das medidas que se realicen, e dentro das disponibilidades orzamentarias, para as actividades recollidas no artigo 3, excepto as sinaladas na alínea f), nas cales esta contribución se poderá elevar até o 50% do custo total da medida.

Para isto, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente transferirá ás comunidades autónomas, salvo á Comunidade Autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra, dado o seu réxime específico de financiamento, as cantidades que correspondan para atender o pagamento das subvencións reguladas por este real decreto, conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Os criterios obxectivos que sirvan de base para a distribución territorial serán fixados pola conferencia sectorial correspondente ao comezo do exercicio económico e incluírán, principalmente, o censo de colmeas de cada comunidade autónoma e, ademais, a posta en marcha, por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas, dun programa oficial de vixilancia de agresións e doenzas das colmeas e, particularmente, da varroose.

3. A xestión dos fondos asignados á cooperación con organismos especializados para crear programas de investigación aplicada no sector da apicultura e dos produtos transformados a partir desta será centralizada e as ditas axudas regularanse conforme os requisitos que establece a Orde AAA/2571/2015, do 19 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das subvencións para a realización de proxectos de investigación aplicada no sector apícola e os seus produtos, dentro do Programa nacional de medidas de axuda á apicultura.

### Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. Poderán solicitar as axudas:

a) As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas, incluídas aquelas de titularidade compartida determinadas na Lei 35/2011, do 4 de outubro,

sobre titularidade compartida das explotacións agrarias. Será requisito para a obtención das axudas:

1.º Levar realizando a actividade apícola con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude, coa excepción daqueles titulares que adquiriron a titularidade ante o falecemento, xubilación ou incapacidade laboral do titular, sempre que o novo titular adquiera a titularidade por sucesión, xubilación ou incapacidade laboral do anterior e fose parente seu, como máximo, en cuarto grao. Así mesmo, exceptúanse dese requisito os supostos de forza maior.

2.º Realizar, ao menos, un tratamento ao ano fronte á varroose, de acordo co establecido no Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel.

3.º Dispor dun seguro de responsabilidade civil.

4.º Cumprir as previsións contidas no Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

As alvarizas abandonadas e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas ao seu titular.

b) As cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica propia, na medida en que os seus apicultores integrantes cumpran os requisitos establecidos na alínea anterior.

2. Un mesmo apicultor soamente poderá ser beneficiario de axuda por unha mesma actuación de forma única para cada unha das súas colmeas, ben a título individual ben como integrante dunha cooperativa ou organización representativa.

#### Artigo 6. *Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e ponderación destes.*

1. Con excepción das medidas correspondentes ao artigo 3.f), cuxa prelación se realizará de acordo co disposto na Orde AAA/2571/2015, do 19 de novembro, a concesión das subvencións previstas neste real decreto, en virtude do que establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, coa orde de prelación de liñas de financiamento que determina a dotación orzamentaria establecida no Plan nacional apícola comunicado e aprobado pola Comisión Europea.

2. Excepcionalmente, e atendendo de maneira xustificada ás particularidades da produción apícola no seu ámbito territorial, as autoridades competentes das comunidades autónomas poderán aplicar unha orde de prelación diferente á establecida no número anterior.

3. A concesión das subvencións previstas neste real decreto realizarase conforme a prelación establecida no número 1 e os criterios obxectivos establecidos mediante a seguinte valoración de puntos:

a) Dimensión das explotacións acollidas á axuda: entendida como o número de colmeas potencialmente destinatarias da medida, tanto no caso de solicitudes presentadas por titulares de explotacións como de solicitudes presentadas por organizacións ou asociacións de apicultores legalmente recoñecidas e agrupacións de defensa sanitaria (máximo 5 puntos).

A distribución dos cinco puntos determinarase nas correspondentes bases que aprobarán as comunidades autónomas, atendendo ás características da apicultura nos seus ámbitos territoriais respectivos, para o cal se fixarán tramos baseados no número de colmeas.

b) Participación en réximes de figuras de calidade diferenciada recoñecidas conforme o Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, ou conforme o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, e polo que se derroga o Regulamento

(CEE) n.º 2092/91, ou de acordo con marcas de calidade recoñecidas mediante normativa autonómica (máximo 1 punto): serán aplicables ás solicitudes presentadas por titulares de explotacións ou as súas agrupacións legalmente recoñecidas.

c) Pertenza do solicitante a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida (máximo 1 punto): este criterio será aplicable tanto ás solicitudes presentadas por titulares de explotacións como ás solicitudes presentadas por organizacións ou asociacións de apicultores legalmente recoñecidas, na medida en que cumpran o criterio establecido nesta alínea.

d) Pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola (máximo 1 punto).

e) Que as explotacións solicitantes teñan titularidade compartida, para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, ou cuxo titular sexa un agricultor mozo, de acordo coa definición e condicións establecidas no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da PAC, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello. Serán aplicables estes criterios ás solicitudes presentadas por titulares de explotacións, así como ás solicitudes presentadas por organizacións ou asociacións de apicultores legalmente recoñecidas, na medida en que cumpran o criterio establecido nesta alínea (máximo 1 punto).

Cada comunidade autónoma disporá de catro puntos adicionais para valorar outros criterios obxectivos complementarios nas solicitudes, alcanzando así un máximo de 13 puntos de valoración. Ademais, cada comunidade autónoma poderá establecer os puntos do baremo precedente da forma que máis se axuste ás súas características, sempre que se manteña a proporción dos criterios que sinala ese baremo.

Aqueles solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de cinco puntos non poderán ter a consideración de beneficiarios.

A contía individual da axuda non poderá superar o gasto efectivamente executado. Os criterios para determinar a contía individual da axuda fixaranse nas respectivas ordes de bases que aprobarán as comunidades autónomas, sobre a base de subvencionar soamente gastos executados e sen que a contía da subvención poida superar o 100 % do dito gasto executado. Así mesmo, soamente serán subvencionables as medidas de cada liña previstas no plan nacional apícola en vigor, aprobado pola Comisión, para o trienio correspondente, segundo establece o artigo 5 do Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás axudas ao sector da apicultura.

4. No caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para cubrir integramente a liña financiada conforme a orde de prioridade establecida anteriormente, con carácter excepcional, e atendendo á finalidade colectiva desta axuda e para cumprir co obxecto dela, a autoridade competente poderá distribuír a cantidade dispoñible para esa liña entre todos os beneficiarios que cumpran os requisitos necesarios para poderen percibir a axuda destinada a esa acción, de maneira proporcional á contía concedida, e nestes casos, por tanto, procederase a ratear a axuda.

#### Artigo 7. *Solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse, para a súa tramitación, ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estea rexistrada a explotación do solicitante.

2. As solicitudes incluírán, como mínimo:

a) A identificación do solicitante, incluído o seu NIF e, cando se trate de solicitudes presentadas por cooperativas ou organizacións representativas, a relación de persoas físicas integrantes, con mención do seu NIF.

b) O número de colmeas de que o solicitante é titular ou, no caso de solicitudes presentadas por entidades asociativas, o número total de colmeas que corresponde aos integrantes, así como unha lista das explotacións integrantes das ditas entidades asociativas.

c) Copia das follas do libro de rexistro de explotación apícola en que figure a documentación referente ao número de colmeas, tipo e clase de explotación. No caso das solicitudes presentadas por entidades asociativas, copia das follas do libro de rexistro de explotación apícola en que figure a documentación referente ao número de colmeas, tipo e clase de explotación de cada unha das explotacións polas cales se solicita a axuda e propiedade dos apicultores que a integren. Esta información poderá ser comprobada de oficio polo órgano xestor da subvención, logo da autorización correspondente, salvo que conste expresamente oposición por parte do solicitante da subvención, caso en que se deberá achegar.

d) Documentación que acredite, a criterio das autoridades competentes das comunidades autónomas, o cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 5.1 deste real decreto.

#### Artigo 8. *Instrución, xustificación, resolución e pagamento.*

1. Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas a instrución do procedemento de concesión das axudas, así como a súa resolución e pagamento, exceptuando as medidas correspondentes ao artigo 3.f), cuxa instrución se realizará de acordo co disposto na Orde AAA/2571/2015, do 19 de novembro.

2. Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas establecer o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario ou da entidade colaboradora, se for o caso, do cumprimento da finalidade para a cal se concede esta subvención, así como a aplicación dos fondos percibidos.

3. As resolucións de concesión de axudas ditadas polos órganos competentes das comunidades autónomas deberán especificar a desagregación destas en función das cantidades financiadas con fondos estatais, comunitarios e da propia comunidade autónoma.

4. O Fondo Español de Garantía Agraria (Fega), no ámbito das súas competencias, remitirá ás comunidades autónomas os fondos que con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) correspondan ás actuacións de axuda efectuadas.

5. Os órganos competentes das comunidades autónomas informarán o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente dos pagamentos efectuados con cargo aos fondos da Unión Europea, aos orzamentos do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e aos seus propios fondos.

6. Os pagamentos aos beneficiarios correspondentes ás medidas aplicadas ao longo dunha campaña apícola faranse efectivos no período de doce meses que comeza o 16 de outubro desa campaña apícola e finaliza o 15 de outubro da campaña seguinte.

7. No que respecta ás faltas de pagamento e penalizacións, e sen prexuízo de posteriores actuacións efectuadas pola autoridade inspectora no ámbito das súas competencias, será de aplicación o seguinte:

a) O xuro engadido ao importe dos pagamentos indebidos recuperados de conformidade co artigo 54, número 1, co artigo 58, número 1, letra e), ou co artigo 63, número 3, do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, calcularase de conformidade co artigo 27 do Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, en relación cos organismos pagadores e outros organismos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as normas relativas aos controis, as garantías e a transparencia.

b) En caso de fraude ou negligencia grave de que sexan responsables, os beneficiarios, ademais de devolveren os pagamentos indebidos e os xuros correspondentes de conformidade co artigo 63, número 3, do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, deberán aboar un importe equivalente á diferenza entre o importe inicialmente pagado e o importe a que teñen dereito.

**Artigo 9. *Deber de información. Plan de control e indicadores de rendemento.***

1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente elaborará, en coordinación coas autoridades competentes das comunidades autónomas e cos representantes do sector apícola, un plan de control xeral que estará incluído no Programa nacional de medidas de axuda á apicultura vixente, así como indicadores de rendemento segundo establece o artigo 8 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás axudas ao sector da apicultura.

2. Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas a realización das actividades de control das axudas, así como o seguimento das medidas efectuadas mediante a monitorización dos indicadores de rendemento pertinentes, exceptuando as medidas correspondentes ao artigo 3.f), suxeito ao control do Fega de acordo co establecido na Orde AAA/2571/2015, do 19 de novembro.

3. Para os efectos de poder cumprir coas obrigacións mencionadas nos números anteriores, as comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a información relativa tanto ao balance do plan de control como aos indicadores de rendemento da execución do programa no seu ámbito territorial. A dita comunicación consistirá, ao menos, nas informacións que se detallan no anexo e deberá remitirse, o máis tardar, o 1 de marzo do ano posterior a cada ano de aplicación do programa.

**Artigo 10. *Concorrenza con outras axudas.***

As autoridades competentes das comunidades autónomas velarán por que non exista dobre financiamento dos programas apícolas obxecto de axudas no sector da apicultura, de conformidade co artigo 55 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e a axuda ao desenvolvemento rural, en virtude do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

**Disposición adicional única. *Normativa aplicable.***

En todo o non regulado neste real decreto será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Así mesmo, será de aplicación o contido do Programa nacional de medidas de axudas á apicultura aprobado pola Comisión Europea.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Queda derogado o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.*

O número 5 do artigo 7 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, queda redactado do seguinte modo:

«5. Segundo o establecido no artigo 4.3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, os titulares das explotacións apícolas comunicarán ante a autoridade competente responsable do rexistro, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo das súas colmeas, e indicarán o número de colmeas preparadas para a invernada, entendéndose como tal o número de colmeas no 31 de decembro do ano anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Adaptación á normativa da Unión Europea e facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para adaptar o anexo deste real decreto ás modificacións que aprobe a Comisión Europea no Programa nacional de medidas de axudas á apicultura 2017/2019, ou en futuros plans posteriores a 2019, ou na normativa da Unión Europea.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de outubro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA



## ANEXO

### Información que deben comunicar as comunidades autónomas sobre a execución do programa apícola no seu ámbito territorial

#### *I. Balance do plan de control*

##### 1. Incidencias do control administrativo:

Número de solicitudes controladas.  
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.  
Número e tipo de irregularidades detectadas.  
Accións emprendidas.

##### 2. Incidencias do control *in situ*:

###### 2.1 Control aleatorio:

Número de solicitudes controladas.  
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.  
Número e tipo de irregularidades detectadas.  
Accións emprendidas.

###### 2.2 Incidencias do control dirixido:

Número de solicitudes controladas.  
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.  
Número e tipo de irregularidades detectadas.  
Accións emprendidas.

#### *II. Indicadores de rendemento*

##### 1. Asistencia técnica.

- 1.1 Número de cursos financiados.
- 1.2 Número de documentos técnicos publicados.
- 1.3 Número de apicultores que recibiron formación.
- 1.4 Ratio de técnicos contratados por colmea ou por apicultor.

##### 2. Loita contra a varroose e outros agresores:

- 2.1 Número de tratamentos de varroa financiados.
- 2.2 Ratio de tratamentos de varroa financiados por explotación.
- 2.3 Custo medio do tratamento fronte á varroa por colmea.
- 2.4 Número de intervencións financiadas fronte a outros agresores e doenzas.

##### 3. Racionalización da transhumancia.

- 3.1 Número de apicultores financiados (indicando o alcance en colmeas e a porcentaxe sobre o total de apicultores rexistrados).
- 3.2 Número de apicultores que se beneficiaron da compra de equipamento.
- 3.3 Custo medio do investimento financiado.
- 3.4 Número de cotas de seguro financiadas (calculadas por apicultor e número total de colmeas).

##### 4. Apoio a laboratorios de análises.

- 4.1 Número e tipo de análises de acordo coa directiva do mel.
- 4.2 Número e tipo doutras análises en mel financiadas.
- 4.3 Número de análises efectuadas noutros produtos.

- 4.4 Número de análises de residuos en cera.
- 5. Repoboación.
  - 5.1 Número de apicultores financiados.
  - 5.2 Número de apicultores vendedores de material reproductivo apoiados.
  - 5.3 Custo medio da compra de raíñas
- 6. Mellora da calidade.
  - 6.1 Número de técnicos de comercialización contratados.
  - 6.2 Ratio de técnicos contratados (en colmeas).
  - 6.3 Número de figuras de calidade desenvolvidas.